



## Concello de Ribeira de Piquín

### BANDO

#### **DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN, FAGO SABER:**

Vistas as instrucións e recomendacións emitidas polas autoridades sanitarias en relación ao coronavirus COVID-19, o Concello de Ribeira de Piquín decidiu adoptar as seguintes medidas preventivas que estarán en vigor dende hoxe, día 13 de marzo de 2020 ata o domingo 29 de marzo, ambos incluídos, axustándose ás indicacións da Organización Mundial da Saúde:

- Pechar as instalacións municipais do Centro de Día municipal, seguindo as directrices marcadas pola Xunta de Galicia, mantendo os servizos básicos asistenciais de Axuda no Fogar, pero extremando as medidas de prevención recomendadas pola Consellería de Sanidade.
- Recomendar ás asociacións e entidades do municipio a suspensión de todas aquelas actividades que supoñan concentración de persoas nos locais sociais das parroquias e calquera outro local público ou veciñal.

#### **RECOMENDACIÓNS:**

- Evitar as aglomeracións, realizar viaxes e desprazamentos, salvo que sexan imprescindibles.
- Seguir as instrucións citadas, e en caso de ter algún síntoma contactar no **teléfono de información para a cidadanía 900 400 116** ou consultar a páxina do Ministerio de Sanidade [www.mscbs.gob.es](http://www.mscbs.gob.es).

A aplicación destas medidas en ningún modo debe xerar inquietude social, xa que supoñen actuacións responsables para intentar previr os contaxios. A duración das mesmas será de 17 días contados dende o día de hoxe, venres 13 de marzo de 2020. Non obstante, este prazo será sometido a revisión de acordo coa evolución da situación de pandemia.

Ribeira de Piquín, 13 de marzo de 2020.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

